

PROCEDEMENTO: CT207L– Axudas para promoción e difusión de proxectos musicais profesionais

ASUNTO: Resolución de non admisión e desistencia de solicitudes e concesión de axudas

#### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 6 de maio de 2022, DOG núm.85, publícase a Resolución do 21 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a promoción e difusión de proxectos musicais profesionais ao abeiro do Programa Hub da industria creativa galega, financiadas ao 100% polo Feder, dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para o ano modificada por Resolución do 27 de maio de 2022 (código do procedemento CT207L).
2. Esta liña de subvencións encádrase no proxecto Hub audiovisual-industria cultural vinculado ao programa REACT da Unión Europea, actuación 20.1.3.2.4 de axudas para o impulso da industria cultural e creativa galega, que promove a Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co que se pretende aumentar a capacidade competitiva das empresas culturais galegas e incentivar a creación de traballos sustentables que integren a totalidade da cadea de valor desta industria.
3. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 6 de xullo de 2022, procédese á avaliación das solicitudes recibidas, relacionadas no **Anexo I**, xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.
4. Como resultado da xestión de comprobación, establécese que os expedientes que se relacionan no **Anexo II** non se admiten por non reunir as persoas solicitantes os requisitos para poder adquirir a condición de beneficiaria da subvención, pola causa que se indica no propio anexo. Así mesmo neste anexo relaciónanse os desistidos do procedemento por non contestar ao requirimento efectuado en tempo e forma e por propia iniciativa da persoa interesada.
5. Con data 11 de setembro de 2022 réunese a comisión de valoración creada ao efecto, para avaliar as solicitudes que se relacionan no **Anexo III**, por ser as que cumpren co establecido nas bases da convocatoria.



6. Rematada esta reunión, a comisión de valoración remite a acta-informe coa relación de solicitudes e a puntuación acadada por cada unha delas, en aplicación dos criterios de avaliación establecidos nas bases reguladoras da subvención. Esta relación, coa puntuación expresada de maior a menor, determina a orde de prelación das persoas susceptibles de ser beneficiarias da subvención e reflíctese **no anexo IV**.

6. Con data 23 de setembro de 2022 a Dirección da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) tras a instrución do expediente, emite a proposta de resolución de non admisión e desistencia de solicitudes e de concesión de subvencións.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 17.1 das bases reguladoras establécese que o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e unha vez entregado o informe preceptivo por parte da comisión de valoración, ditará a proposta de resolución, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia da Agadic. A presidencia do Consello Reitor da Agadic, por delegación do Consello Reitor deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

2. O artigo 1, parágrafo 3 das bases reguladoras establece como obxecto da subvención, dúas modalidades de proxectos musicais e os requisitos que deben cumprir cada un deles. Concretamente establece o seguinte:

”

*A. Modalidade A: Proxectos musicais unitarios. Enténdese por proxectos musicais unitarios aqueles proxectos que desenvolven calquera dos aspectos que conforman a cadea de valor da industria musical arredor dun só artista musical, sexa solista, grupo ou banda. Este artista debe desenvolver a súa actividade habitualmente en Galicia e cumprir os seguintes requisitos:*

- 1. Ter realizado 50 concertos entre 2017 e 2021, ambos inclusive, ou ben, máis de 100 ao longo da súa traxectoria profesional.*
- 2. Ter editado polo menos 20 singles ou 2 álbums baixo un selo discográfico legalmente constituído, entre os anos 2017 e 2021, ambos inclusive.*

*B. Modalidade B: Proxectos musicais colectivos. Enténdese por proxectos musicais colectivos aqueles proxectos que desenvolven calquera dos aspectos que conforman a cadea de valor da industria musical*



*arredor de, cando menos catro artistas musicais, sexan solistas, grupos ou bandas. Estes artistas deben desenvolver a súa actividade habitualmente en Galicia.*

*Para a selección dos artistas participantes no proxecto musical, a persoa solicitante terá que ter en conta os seguintes requisitos:*

- 1. Máis do 50% dos artistas presentados teñen que ter realizado 50 concertos entre 2017 e 2021, ambos inclusive, ou ben, máis de 100 ao longo de toda a súa traxectos profesional.*
- 2. Máis do 50% dos artistas presentados teñen que ter editado polo menos 20 singles ou 2 álbums baixo un selo discográfico legalmente constituído, entre os anos 2017 e 2021, ambos inclusive.*
- 3. Deberá incluírse a participación dunha artista feminina solista ou un grupo ou banda onde, cando menos, o 40% das súas compoñentes sexan mulleres.*
- 4. Deberá incluírse a participación dun artista musical que teña a consideración de artista emerxente polo que non é necesario que cumpran os requisitos de concertos e singles anteriormente determinados”.*

3. O artigo 2 das bases reguladoras establece os requisitos para adquirir a condición de persoa beneficiaria da subvención, concretamente o parágrafo 1 e 2 establecen o seguinte:

”

- 1. Poderán optar a estas subvencións todas as empresas e as persoas traballadoras autónomas con sucursal, ou oficina permanente, de polo menos un ano previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea e que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia.*
- 2. As persoas ou entidades solicitantes deberán acreditar que están dadas de alta nalgunha das epígrafes do imposto sobre actividades económicas relacionados coa actividade subvencionable de entre as que se enumeran deseguido, cunha antigüidade de, cando menos, 3 anos consecutivos:*

*032-Intérpretes.*

*033-Actividades relacionadas coa música. Cantantes.*

*851-Profesionais relacionados co espectáculo. Representantes técnicos do espectáculo.*



*853-Profesionais relacionados co espectáculo. Axentes de colocación de artistas.*

*965-Servizos recreativos e culturais. Espectáculos.*

*965.1-Espectáculos en salas e locais.*

*965.2-Espectáculos ao aire libre.*

*965.3-Espectáculos fóra de establecemento permanente.*

*965.4-Empresas de espectáculos.*

*983-Parques de recreo, feiras e outros servizos relacionados co espectáculo. Organización de congresos. Parques ou recintos feirais. Axentes de colocación de artistas”.*

4. O parágrafo segundo do artigo 8 das bases reguladoras sinala que *“se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación exixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa reguladora da convocatoria ou os que con carácter xeral, se indican na Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións públicas, a persoa interesada será requirida para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, e indícase, ademais que de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos na lei”.*

Neste mesmo sentido, o artigo 94 da Lei 39/2019, de Procedemento administrativo común de las administracións públicas establece : *“todo interesado poderá desistir da súa solicitude (...)”.*

5. Estas axudas teñen carácter plurianual e financiaranse con un crédito total de 1.200.000 euros para as anualidades 2022 e 2023 imputables á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.770.0.

A distribución dos créditos entre as persoas susceptibles de ser beneficiarias realízase en base ao crédito xeral dispoñible, á intensidade dos límites sinalados no artigo 4 das bases da convocatoria, á puntuación acadada, e ao importe solicitado polos interesados, dando lugar ao **anexo V** que reflicte as entidades subvencionadas e o importe asignado a cada unha delas.



6. Como resultado do anterior, resulta un crédito sobrante de 204.539,18 € na modalidade A e un saldo negativo na modalidade B (-40.925,56 €), polo que o saldo sobrante da modalidade A incorpórase a modalidade B, obténdose un crédito sobrante da convocatoria de 163.613,62 €. Deste xeito, todas as solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria acadan unha subvención dentro dos límites sinalados nas bases.

Examinada a proposta de resolución e de conformidade con ela,

#### RESOLVO

- I. Ditar resolución de non admisión e desistencia das solicitudes que se relacionan no **anexo II** polas causas que se indican.
- II. Admitir as solicitudes que se relacionan no **anexo III** por cumprir os requisitos establecidos pola convocatoria.
- III. Conceder ás entidades solicitantes a subvención polos importes sinalados no **anexo V**.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

- a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes, se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se tivera producido o acto presunto. Transcorrido o dito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.
- b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto .

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González



## ANEXO I

## SOLICITUDES RECIBIDAS

## MODALIDADE A

Nº EXPEDIENTE	PERSOA SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207L/2022/1	Tregarock SL	B70254222	Tregua
CT207L/2022/2	Xonix Records SL	B94050762	Promoción e difusión do proxecto musical de Pauliña
CT207L/2022/3	Seispés Producións Creativas SL	B70328745	A banda da loba
CT207L/2022/6	Xabier Diaz Carro	***4609**	Xabier Diaz - 2022/2023
CT207L/2022/9	Fernando Andres Barroso Sanjurjo	***7598**	Fernando Barroso
CT207L/2022/12	Nordesía SL	B15547235	A Pedreira
CT207L/2022/13	Lospregos SL	B36326080	Creación, desenvolvemento e promoción do novo traballo discográfico de Budiño 2022-2023
CT207L/2022/16	Cultura Activa S. Coop. Galega	F15983067	Guadi Galego-Roibén
CT207L/2022/17	María Isabel Pérez Dobarro	***4083**	O piano atlántico: camiño ao paraíso
CT207L/2022/18	Cas D'Oleiro 2.0 SL	B27338821	Promoción en redes sociais do grupo Brath mediante video clips e información da banda



## MODALIDADE B

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207L/2022/4	Plan Play Cultural SLU	B94168705	Playplan
CT207L/2022/5	Music Arte Rey Saavedra SC	J70238183	Artistas musicarte
CT207L/2022/7	Kalderon Producciones Culturales SL	B95812475	Promoción e posicionamento de mercado artistas galegos de Kalderón
CT207L/2022/10	Esmerarte Industrias Creativas SL	B27786045	Desenvolvemento de artistas de Esmerarte Industrias Creativas
CT207L/2022/11	Manuel Tarrío Cao	***2670**	Non se indica
CT207L/2022/14	Ernie Producciones SL	B36527315	Ernie Records 2022-2023
CT207L/2022/15	Discontrompo SL	B15773864	non se indica



## ANEXO II

## SOLICITUDES NON ADMITIDAS

## MODALIDADE A

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO	CAUSAS DE NON ADMISIÓN
CT207L/2022/1	Tregarock SL	B70254222	Tregua	Artigo 2, parágrafo 2
CT207L/2022/8	Odaiko Krea SL	B94078318	Lorenzo & Neff	Artigo 1, parágrafo 3.A
CT207L/2022/9	Fernando Andrés Barroso Sanjurjo	***7598**	Fernando Barroso	Artigo 2, parágrafo 2
CT207L/2022/17	María Isabel Pérez Dobarro	***4083**	O piano atlántico: camiño ao paraíso	Artigo 2, parágrafo 2

## SOLICITUDES DESISTIDAS

## MODALIDADE A

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO	CAUSA
CT207L/2022/3	Seispés producións creativas	B70328745	A banda da loba	Artigo 8.2 das bases reguladoras

## MODALIDADE B

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO	CAUSA
CT207L/2022/11	Manuel Tarrío Cao	***2670**	non se indica	Artigo 8.2 das bases reguladoras
CT207L/2022/15	Discontrompo SL	B15773864	non se indica	Artigo 8.2 das bases reguladoras





**ANEXO III**  
SOLICITUDES PARA AVALIACIÓN POLA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

MODALIDADE A

Nº EXPEDIENTE	PERSOA SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207L/2022/2	Xonix Records SL	B94050762	Promoción e difusión do proxecto musical de Pauliña
CT207L/2022/6	Xabier Diaz Carro	***4609**	Xabier Diaz - 2022/2023
CT207L/2022/12	Nordesía SL	B15547235	A Pedreira
CT207L/2022/13	Lospregos SL	B36326080	Creación, desenvolvemento e promoción do novo traballo discográfico de Budiño 2022-2023
CT207L/2022/16	Cultura Activa S. Coop. Galega	F15983067	Guadi Galego-Roibén
CT207L/2022/18	Cas D'Oleiro 2.0 SL	B27338821	Promoción en redes sociais do grupo Brath mediante video clips e información da banda

MODALIDADE B

Nº EXPEDIENTE	PERSOA SOLICITANTE	NIF	NOME DO PROXECTO
CT207L/2022/4	Plan Play Cultural SLU	B94168705	Playplan
CT207L/2022/5	Music Arte Rey Saavedra SC	J70238183	Artistas musicarte
CT207L/2022/7	Kalderon Producciones Culturales SL	B95812475	Promoción e posicionamento de mercado artistas galegos de Kalderón
CT207L/2022/10	Esmerarte Industrias Creativas SL	B27786045	Desenvolvemento de artistas de Esmerarte Industrias Creativas
CT207L/2022/14	Ernie Producciones SL	B36527315	Ernie Records 2022-2023



**ANEXO IV**
**SOLICITUDES POR ORDE DE PRELACIÓN SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA**
**MODALIDADE A**

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	PUNTUACIÓN		
				CRITERIOS AUTOMÁTICOS	CRITERIOS TÉCNICOS	TOTAL
CT207L/2022/6	Xabier Díaz	***4609**	Xabier Diaz - 2022/2023	29,00	28,50	57,50
CT207L/2022/16	Cultura Activa S. Coop. Galega	F15983067	Guadi Galego-Roibén	25,00	29,50	54,50
CT207L/2022/13	Lopregos SL	B36326080	Creación, desenvolvemento e promoción do novo traballo discográfico de Budiño 2022-2023	26,00	28,00	54,00
CT207L/2022/12	Nordesía Producións SL	B15547235	A Pedreira	18,00	27,50	45,50
CT207L/2022/2	Xonix Records SL	B94050762	Promoción e difusión do proxecto musical de Pauliña	23,00	11,50	34,50
CT207L/2022/18	Cas d'Oleiro 2.0	B27338821	Promoción en redes sociais do grupo Brath mediante video clips e información da banda	17,00	15,50	32,50



**MODALIDADE B**

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	PUNTUACIÓN		
				CRITERIOS AUTOMÁTICOS	CRITERIOS TÉCNICOS	TOTAL
CT207L/2022/4	Play Plan SLU	B94168705	Playplan	37,00	31,50	68,50
CT207L/2022/7	Kalderón Producciones Musicales SL	B95812475	Promoción e posicionamento de mercado artistas galegos de Kalderón	32,00	24,50	56,50
CT207L/2022/14	Ernie Producciones SL	B36527315	Ernie Records 2022-2023	22,00	25,50	47,50
CT207L/2022/10	Esmerarte Industrias Creativas SL	B27786045	Desenvolvemento de artistas de Esmerarte Industrias Creativas	19,00	25,50	44,50
CT207L/2022/5	Music Arte Rey Saavedra SC	J70238183	Artistas musicarte	23,00	15,50	38,50



**ANEXO V**
**ENTIDADES SUBVENCIONADAS E IMPORTE CONCEDIDO**
**MODALIDADE A**

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	
					ANUALIDADE 2022	ANUALIDADE 2023
CT207L/2022/6	Xabier Díaz	***4609**	Xabier Diaz - 2022/2023	40.000,00 €	20.000,00 €	20.000,00 €
CT207L/2022/16	Cultura Activa S. Coop. Galega	F15983067	Guadi Galego-Roibén	36.695,40 €	18.347,70 €	18.347,70 €
CT207L/2022/13	Lopregos SL	B36326080	Creación, desenvolvemento e promoción do novo traballo discográfico de Budiño 2022-2023	29.114,80 €	14.557,40 €	14.557,40 €
CT207L/2022/12	Nordesía Producións SL	B15547235	A Pedreira	28.925,62 €	14.462,81 €	14.462,81 €
CT207L/2022/2	Xonix Records SL	B94050762	Promoción e difusión do proxecto musical de Pauliña	29.925,00 €	14.962,50 €	14.962,50 €
CT207L/2022/18	Cas d'Oleiro 2.0	B27338821	Promoción en redes sociais do grupo Brath mediante video clips e información da banda	30.800,00 €	15.400,00 €	15.400,00 €



## MODALIDADE B

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	NOME DO PROXECTO	CONTÍA SOLICITADA	CONTÍA CONCEDIDA	
					ANUALIDADE 2022	ANUALIDADE 20213
CT207L/ 2022/4	Play Plan SLU	B94168705	Playplan	200.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €
CT207L/ 2022/7	Kalderón Producciones Musicales SL	B95812475	Promoción e posicionamento de mercado artistas galegos de Kalderón	200.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €
CT207L/ 2022/14	Ernie Producciones Sl	B36527315	Ernie Records 2022-2023	130.925,56 €	65.462,78 €	65.462,78 €
CT207L/ 2022/10	Esmerarte Industrias Creativas SL	B27786045	Desenvolvemento de artistas de Esmerarte Industrias Creativas	200.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €
CT207L/ 2022/5	Music Arte Rey Saavedra SC	J70238183	Artistas musicarte	110.000,00 €	55.000,00 €	55.000,00 €

